


PSICOMOTRICIDADE: 3ª sesión

Profesor: Jose

Proxecto: As emocións.

Emoción: **SORPRESA**



A **psicomotricidade** ou educación psicomotriz en Educación Infantil pretende desenvolver, a partir do corpo e do movemento, as posibilidades motrices, expresivas e creativas dos máis pequenos e que mellor maneira de facelo en familia. A **sorpresa** é unha reacción causada por algo novedoso, imprevisto, casual ou descoñecido. Esta emoción é neutra polo que a súa positividade (**sorpresa** boa ou **sorpresa** desagradable) ven marcada pola emoción que lle segue despois, alegría no caso de que a **sorpresa** sexa boa e tristeza ou ira no caso contrario.

Agora aproveitando a boa climatoloxía que temos, vouvos propor unhas actividades. A quen non lle gustan os globos??? Pois si, imos usar globos con sorpresa. Eso sí, debemos ter moito coidado e que un adulto teña pendente de nós.

- **Globos con sorpresa.** Uns cantos globos inchanse con sorpresas agradables (doces) e sorpresas trampa (fariña, auga, area, ...). Inflanse e colocanse sobre unha corda entre dúas árbores. Cada neno/a vai cos ollos vendados e armado dun pau cara os globos e explota un. Quédase coa sorpresa.
- **Chuvia de globos.** Damos dous globos de auga a cada neno/a, a voz de “¡chuvia!” lanzarán todos os globos á vez co obxectivo de que todos saian súper mollados.
- **Piñata con globos de auga.** Imos colgar un montín de globos cheos de auga do teito, ou unha árbore, etc. e esperar a que os nenos/as os rompan por turnos, podemos usar un rolo de cartón a modo de bate de béisbol. ¡A molladura está garantida!

Moito ánimo e a ser moi felices!!!

Unha aperta.



Jose.

